

Venres, 27 de maio de 2022

Núm. 101

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO****Oferta de emprego público***OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL**ANUNCIO*

*Por Resolución da Presidencia do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo de data 23/05/2022, apróbase a Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal correspondente as prazas que a continuación se apuntan.*

Mediante Resolución da Presidencia deste Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo de data 23 de maio de 2022 apróbase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal, que cumpre as previsións da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, correspondente as prazas que a continuación se apuntan:

**PERSOAL LABORAL OA TERRA DE SANXENXO:**

Denominación	Gr. (Eq)	Nº	Comentario / Provisión
Subalerno Serv Socias	5 (AP)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Aux. Administrativa Serv.Soc.	4 (C2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Traballador/a Social	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Coordinadora SAF - Traballador/a Social	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Aux. Axuda domicilio	5 (AP)	22	14 Concurso (DA6ª Lei 20/2021) / 8 (Art.2 Lei 20/2021)
Educadora Familiar	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Profesor Adultos	1 (A2)	3	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Asesora CIM1/2 xornada	1 (A1)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Psicóloga do C.I.M.	1 (A1)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Técnico en cultura	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Técnico en educación	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Ludotecario/a	1 (A2)	2	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Animador/a sociocultural	4 (C2)	3	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Aux. Bibliotecas municipais	4 (C2)	4	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Director escola música	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Mestre escola música	1 (A2)	14	13 Concurso (DA6ª Lei 20/2021) / 1 (Art.2 Lei 20/2021)
Téc. de artes plásticas	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Coordinador deportivo	1 (A2)	1	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Director / coordinador	1 (A1)	2	Concurso (DA6ª Lei 20/2021)
Técnico deportivo	1 (A2)	8	6 Concurso (DA6ª Lei 20/2021) / 2 (Art.2 Lei 20/2021)



Venres, 27 de maio de 2022

Núm. 101

Socorrista polivalente	4 (C2)	2	DA6ª Lei 20/2021
Socorrista	4 (C2)	1	Art.2 Lei 20/2021
Recepcionista	4 (C2)	2	DA6ª Lei 20/2021
Aux Serv Económicos	4 (C2)	1	DA6ª Lei 20/2021
Subalterno colegio	5 (AP)	1	Art.2 Lei 20/2021
Peón limpeza (fixo discontinuo)	5 (AP)	9	Art.2 Lei 20/2021
Informadoras/es turísticas/os (fixo discontinuo)	3 (C1)	2	Art.2 Lei 20/2021

No ano 2019 o OA Terra de Sanxenxo aprobou a Oferta de emprego Público que contemplaba prazas de estabilización e consolidación de emprego, prazas as cales quedan excluídas de dita oferta e pasarán a incluírse na Oferta extraordinaria de estabilización de emprego do ano 2022.

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, de 2 de abril, da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, publícase a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal do OA Terra de Sanxenxo, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Diario Oficial de Galicia.

Contra o acordo indicado, que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente ou recurso de reposición potestativo ante a Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo.

Todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro recurso que puidesen estimar máis conveniente ao seu dereito.

